

NOTA INFORMATIVA
AXENDA

Venres 23

10.30 h.

-Visita didáctica ao Servizo Municipal de Extinción de Incendios e Salvamento (última visita). Participarán escolares de educación infantil do CEIP Os Tilos. Lugar: instalacións do Parque de Bombeiros (Avda. Rodríguez de Viguri, 45).

11.00 h.

O concelleiro de Cultura, Néstor Rego asiste, na Galería Sargadelos, á rolda de prensa de presentación dos actos de Recuperando Memorias.

11.45 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, o concelleiro de Cultura Néstor Rego, acompañado polo actor Gabino Diego, presentan o espectáculo "Unha noite con Gabino" que será no Teatro Principal o sábado ás 21.00 horas.

12.30 h.

Na Casa do Concello **ROLDA DE PRENSA** do alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, sobre asuntos de carácter local.

13.30 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe ao novo Director Xeral de Begano, Javier Torres Folgar.

17.00 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe a unha delegación da cidade chinesa de Qu Fu.

18.00 h.

Cacharela de San Xoán na praza Aurelio Aguirre

Campionato de ludochapa a partir das 18:00 horas e mais xogos tradicionais. Ás 20:00 horas un contacontos para todos os públicos de Celso Sanmartín. Ás 22:30 horas prenderase a cacharela dos máis pequenos e ás 24:00 horas prenderase a cacharela grande con algunha que outra sorpresa. Haberá sardiñada a partir das 22:00 horas.

19.00 h.

No Colexio Manuel Peleteiro, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, clausura o acto académico de despedida dos alumnos do 2º curso de Bacharelato e do curso 2005-2006.

20.30 h.

Documental

No Teatro Principal, proxección do documental *A cuarta pista* dirixido por Pela del Álamo.

20.30 h.

Teatro

Na Sala Yago, Teatro do Noroeste, Cámara Negra teatro e Noescafé Teatro representan *A casa do pai*.

21.15 h.

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á apertura do novo parque infantil de San Xoán de Vista Alegre, coincidindo coa festa e a sardiñada que organizan os veciños.

ATENCIÓN: Haberá hinchábeis para os rapaces entre as **18.00 e as 22.00 h.**

21.00 h.

Música

No Auditorio de Galicia, Lorena Lores amosa o encontro entre a cultura galega e a Arxentina no seu espectáculo Dúas Beiras.

III Semana Cultural do Centro Sociocultural de A Trisca

18.30 h.

- Contacontos. A cargo do grupo Trinke-trinke. Aula de xogo.

19.00 h

- Actuación: Aula de Teatro Municipal "Anxel Casal" de Arzúa. Obra: O Pazo, de Manuel Lugrís Freire. Salón de actos.
- Noite de cacharelas e meigallos.

NOTA INFORMATIVA

**Ábrese o novo parque infantil
de San Xoán de Vista Alegre**

O parque de San Xoán de Vista Alegre contará a partir do venres 23 cunha renovada área de xogo. Coincidindo coas fogueiras e coas festas neste barrio, ábrese este espazo de lecer, no que o Concello investiu 70.500 euros. O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, compartirá esta noite de festa coas veciñas e veciños.

Este novo parque conta con dúas zonas diferenciadas: unha para rapaces de dous a seis anos e outra para os nenos e nenas de seis a doce anos. Todos eles poderán descubrir as atraccións e xogos deste espazo dende o venres. Ademais, para gozo dos máis pequenos, a Concellaría de Festas instalará xogos e inchables a partir das 18:00 horas.

Con este xa son 46 os parques activos na cidade. Nos vindeiros meses está prevista a instalación de máis espazos de lecer e a renovación do equipamento doutros xa existentes.

NOTA INFORMATIVA

**Amnistía Internacional presenta en Compostela unha
exposición sobre a situación dos dereitos humanos en Colombia**

Colombia: a situación dos dereitos humanos é o título da exposición que, organizada polo grupo de Santiago de Amnistía Internacional, se inaugura hoxe, xoves 22 de xuño, no centro sociocultural de Conxo.

A exposición reflicte a situación dun país mergullado nunha crise dos dereitos humanos permanente, segundo informou Amnistía Internacional. O conflito armado que afecta a Colombia dende hai 40 anos enfronta ás forzas de seguridade e ós paramilitares cos grupos guerrilleiros nun ciclo de violencia. Decenas de miles de civís foros torturados, secuestrados ou desapareceron. Máis de 3 millóns de persoas convertíronse nos últimos 20 anos en desprazados internos.

O peche da exposición, que terá lugar o venres 30 de xuño ás 20.00 horas, estará protagonizado pola actuación Flakito, un cantautor que está a percorrer o Camiño de Santiago para denunciar a violación sistemática dos dereitos humanos en Colombia.

Para máis información, ou para concertar unha entrevista con Flakito, pode poñerse en contacto con Jaime Iglesias (620053002).

NOTA INFORMATIVA
Santiago renova o premio
"Bandeira Verde-Cidade Sostible"

A concelleira de Medio Ambiente, Marta Álvarez-Santullano, recolleu esta mañá en Madrid o premio "Bandeira Verde-Cidade Sostible" concedido ao Concello de Santiago. A cidade renova galardón na novena edición desta iniciativa, promovida pola Federación de Usuarios e Consumidores Independentes e apoiada polo Ministerio de Medio Ambiente a través da Fundación Biodiversidade.

O premio recoñece o labor dos municipios que de maneira eficiente camiñan coas súas actuacións cara a sostibilidade en áreas tan diversas como a recollida dos seus residuos urbanos, o baremo das súas taxas de contaminación, a xestión municipal de recursos básicos como a auga, a promoción do aforro enerxético ou o desenvolvemento de campañas de formación, sensibilización e participación, entre outras.

O Concello de Santiago ve así recoñecida a súa aposta por criterios de sostibilidade para non por en risco o medio ambiente no proceso de crecemento urbano. Coa obtención do galardón "Bandeira Verde-Cidade Sostible", o Concello premiado dispón da acreditación ambiental por un prazo de dous anos. Este distintivo débese renovar cada ano, garantindo así o mantemento e a mellora das condicións nas que a Corporación local segue realizando as súa xestión ambiental. É o caso de Santiago, que este ano renova unha vez máis o recoñecemento obtido en 2002.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2006